

Configuración da lei, axentes, fomento e inspeccións



Estrutura da Lei

8	149	7	9	1	1
Títulos	Artigos	Disposicións adicionais	Disposicións transitorias	Disposicións derrogatorias	Disposicións derradeiras

Título preliminar

Obxectos e ámbito da Lei

Título I

Organización administrativa e
outros axentes

Título II

Ordenación de usos e planificación
dos solos agroforestais

Título III

Instrumentos de mobilización e de
intermediación (Banco de terras e
Banco de explotacións)

Título IV

Procedementos de mobilización

Título V

Instrumentos de recuperación (aldeas
modelo, polígonos agroforestais e
actuacións de xestión conxunta)

Título VI

Procedementos de recuperación

Título VII

Instrumentos de fomento

Título VIII

Inspección, control e sancións

Antecedentes

Lei 1952

Primeira lei de concentración parcelaria en España

Lei 7/2007

de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de terras de Galicia

Decreto 19/2011

Aprobación das directrices de ordenación do territorio

Lei 7/2012

de montes de Galicia

Lei 2/2016

do solo de Galicia

Lei 10/1985

de concentración parcelaria para Galicia

Lei 6/2011

de mobilidade de terras

Lei 4/2015

de mellora da estrutura territorial de Galicia

Lei 11/2021

de recuperación da terra agraria de Galicia

Ámbito de aplicación da lei



Terras agroforestais, prioritariamente aquelas que se encontren **en situación de abandono ou infrautilización,** asentamentos de poboación en zonas rurais e explotacións agropecuarias localizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Obxectivos

- ✓ Recuperar.
- ✓ Previr e loitar contra o abandono.
- ✓ Coordinar.
- ✓ Ordenar.
- ✓ Coñecer a propiedade.
- ✓ Conectar oferta e demanda.
- ✓ Competitividade e resiliencia.
- ✓ Máis Superficie Agraria Útil SAU.
- ✓ Mantemento da poboación.
- ✓ Producións sustentables.
- ✓ Transferencia de coñecemento.
- ✓ Produtividade e bo estado das terras agrarias.

Os principios reitores da lei



Garantía



Seguridade xurídica



Voluntariedade



**Control do
acaparamento**



Non expropiación



Complementariedade

As claves da lei



Ordenación de usos.

Catálogo de solos agropecuarios e forestais.

Mapa de usos agroforestais.



Novos instrumentos para a recuperación de terras.

Polígonos agroforestais, aldeas modelos, agrupacións de xestión conxunta.



Instrumentos de intermediación e mobilización.

Banco de terras, Banco de explotacións.



Procedementos de mobilización.

Declaración de abandono e permutas.



Outros.

- Medidas de fomento.
- Instrumentos de control.



Mapa de axentes



Competencias da Consellería do Medio Rural

- ✓ Desenvolver as directrices da política agraria na mobilidade de terras.
- ✓ Desenvolver as estratexias, políticas e normativas para o territorio **en situación de abandono ou infrautilización.**
- ✓ Elevar ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación da declaración de utilidade pública e interese social dos instrumentos de recuperación de terras.
- ✓ Supervisar e controlar o cumprimento de obxectivos e a xestión.
- ✓ Potestade sancionadora.
- ✓ Concertar contratos coas agrupacións de xestión conxunta.
- ✓ Promover e fomentar a mobilización de terras a través de aldeas modelo.

Competencias da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ligadas á lei de recuperación da terra agraria

- ✓ Supervisar, coordinar e difundir as políticas e estratexias de desenvolvemento rural orientadas á recuperación das terras agroforestais como base da bioeconomía.
- ✓ Diseñar, programar e executar as medidas de recuperación e da xestión da terra agroforestal a través dos instrumentos previstos na Lei.
- ✓ Tramitar os procedementos de investigación da propiedade.
- ✓ Articular proxectos dirixidos a favorecer a prevención e a loita contra os incendios forestais no territorio rural e fronte a pragas e enfermidades.
- ✓ Promover o desenvolvemento dos soportes documentais previstos na Lei.
- ✓ Adquirir, allear, permutar e arrendar predios, edificacións no rural, explotacións agrarias e calquera outro ben.
- ✓ Intermediar no arrendamento ou compravenda de explotacións.
- ✓ Custodia e protección de datos estatísticos e xeográficos.

O Consello de xestión da terra agroforestal

Órgano consultivo colexiado, adscrito á Consellería do Medio Rural a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Encárgase da análise e do estudo das vías de coordinación das políticas públicas relativas á xestión das terras agroforestais do territorio de Galicia, así como da xeración de propostas estratéxicas de mellora desta xestión.

Funcións

- ✓ Apoio na programación das políticas en materia de terra agroforestal de Galicia.
- ✓ Análise de propostas de regulación/actuación.
- ✓ Análise das normativas sectoriais de afectación.
- ✓ Elaboración de informes, estudos, traballos técnicos e análises sectoriais.
- ✓ Análise da coordinación entre organismos.
- ✓ Estudar os datos estatísticos e xeográficos.
- ✓ Fornecer as análises e os datos precisos para a formulación de políticas.
- ✓ Emitir informe preceptivo sobre o Catálogo e o Mapa de usos e as súas revisións.
- ✓ Crear o Observatorio de Mobilidade de Terras de Galicia.

Con representantes de:

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	Banco de terras de Galicia	Planificación forestal	Produción agrogandeira	Infraestruturas agrarias
Defensa do monte	Patrimonio e cultura	Patrimonio natural e biodiversidade	Ordenación do territorio	Xestión hidrolóxica autónomica
Información xeográfica	Axencia Tributaria de Galicia	Cooperativas agrarias	Consello forestal de Galicia	Administración do Estado

A Comisión técnica de prezos e valores

Órgano colexiado encargado de estudar a evolución temporal dos prezos das terras agroforestais e de emitir informe sobre os valores dos prezos de referencia da terra agroforestal

Funcións

- ✓ Elaborar o documento técnico de base para a fixación dos prezos de referencia.
- ✓ Elaborar informes anuais que servirán de base para modificar os prezos de referencia.

Con representantes de:

Medio Rural	Facenda autonómica	Ordenación do territorio	Patrimonio natural	Defensa do monte	Xurado de expropación de Galicia
Axencia Tributaria de Galicia	Federación galega de municipios e provincias	Cooperativas agrarias galegas	Consello agrario galego	Consello forestal de Galicia	Administración xeral do Estado

Entidades colaboradoras

Formalización de convenio coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Funcións:

- ✓ Oficinas xestoras do Banco de terras de Galicia.
- ✓ Acompañamento e orientación ás persoas mozas.
- ✓ Unidades xestoras do Sistema de información de terras de Galicia (Sitegal).
- ✓ Asesoramento e acompañamento a iniciativas de solicitude de polígonos agroforestais ou actuacións de xestión conxunta.
- ✓ Asesoramento no redimensionamento das explotacións.
- ✓ Vixilancia sobre terras en abandono ou infrautilización.
- ✓ Colaboración na revisión e actualización do Mapas de usos e do Catálogo.
- ✓ Colaboración co Consello de xestión da terra agroforestal na compilación de datos e na observación do territorio.
- ✓ Calquera que poida facilitar a aplicación dos instrumentos previstos na Lei.

Medidas de fomento

- ✓ Traballos de mellora e liñas de axuda nos predios integrados no Banco de terras.
- ✓ Axudas e apoio para a tramitación dos instrumentos de recuperación.
- ✓ Facilitar operacións financeiras.
- ✓ Promover convenios con sociedades de garantía recíproca.
- ✓ Subvencionar, total ou parcialmente, os prezos de arrendamento nos instrumentos de recuperación.
- ✓ Subvencionar os proxectos previos nos polígonos agroforestais ou nas actuacións de xestión conxunta.
- ✓ Subscribir convenios con outras administracións ou entidades públicas ou privadas para incorporación de terras ao Banco de terras.
- ✓ Establecer incentivos para a incorporación de predios ao Banco de terras.
- ✓ Impulsar convenios de colaboración para o asesoramento na posta en marcha dos instrumentos de mobilización e de recuperación.
- ✓ Establecer liñas de axuda para a mobilización e recuperación da terra agroforestal.

Medidas fiscais

Regulación de incentivos fiscais nos impostos autonómicos e nos cedidos á comunidade autónoma.

Interlocución co Estado con propostas de carácter fiscal que promovan:

- ✓ O arrendamento de parcelas rústicas ao Banco de terras.
- ✓ A transmisión ou arrendamento das parcelas rústicas que se incorporen aos polígonos agroforestais, as agrupacións de xestión conxunta ou as aldeas modelo.
- ✓ A incorporación de axentes promotores aos polígonos agroforestais ou ás aldeas modelo.
- ✓ O impulso das permutas de especial interese agrario.
- ✓ A mobilidade da terra, mediante bonificacións nas compravendas ou cesións que eviten a tributación das rendas percibidas e os seus efectos negativos noutras rendas percibidas (especialmente de propietarios residentes no rural).
- ✓ A xestión forestal sustentable.
- ✓ A competitividade das explotacións agrícolas e gandeiras.
- ✓ O asentamento da poboación no territorio rural.

Medidas fiscais

PARA A XESTIÓN FORESTAL SUSTENTABLE

- ✓ Configuración dun réxime fiscal específico para a figura do silvicultor activo.
- ✓ Redución do tipo impositivo ás comunidades de montes.
- ✓ Réxime fiscal que promova a figura do investidor industrial.
- ✓ Mellores beneficios fiscais para as agrupacións forestais de xestión conxunta, para os socios das sociedades de fomento forestal e para titulares ou xestoras de montes abertais.
- ✓ Vantaxes para a incorporación de mozos á actividade forestal.

Medidas fiscais

PARA A COMPETIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS

- ✓ Réxime fiscal específico para a figura do agricultor e gandeiro xenuíños.
- ✓ Mellora do réxime fiscal estatal para a mellora das explotacións.
- ✓ Vantaxes para a incorporación de mozos á actividade agrogandeira.

PARA O ASENTAMENTO DA POBOACIÓN

- ✓ Réxime fiscal específico para negocios locais sustentables.
- ✓ Impulso da rehabilitación e da edificación con criterios de eficiencia enerxética.

Medidas financeiras

Entre outras:

- ✓ Axudas públicas.
- ✓ Liñas de crédito.
- ✓ Outros instrumentos como préstamos garantidos cofinanciados por fondos estruturais ou de investimento europeos.
- ✓ Potenciación do investimento en terra agroforestal dentro dos plans de responsabilidade social corporativa das empresas.
- ✓ O impulso de vehículos de investimento ligados aos instrumentos de recuperación da terra agraria de Galicia.
- ✓ Contratos temporais de xestión pública para o caso das agrupacións de xestión conxunta.

Para optar a esas medidas financeiras de incentivo, os instrumentos de recuperación de terras deberán estar inscritos no correspondente rexistro.

| Inspeccións

Poderán ser inspeccionados os predios:

- ☑ Que se encontren en situación de abandono ou infrautilización.
- ☑ Nos que se leve a cabo unha investigación da propiedade.
- ☑ Que pretendan incorporarse ó Banco de terras.
- ☑ Calquera que estea ou poida estar incluído nalgún dos instrumentos previstos pola Lei.

Realizadas por persoal funcionario con competencias na materia ou por outros suxeitos habilitados.

Infraccións



LEVES

- ✓ A ocupación de predios do Banco de terras sen cultivo ou con aproveitamentos agrícolas ou gandeiros.
- ✓ O impedimento de ocupación dun predio polo arrendador.
- ✓ A non formalización dun contrato de arrendamento.
- ✓ A non comunicación á Administración da opción elixida en predios de menos de 1 ha en procedementos de infrautilización ou abandono.

Infraccións



GRAVES

- ✓ A ocupación de predios do Banco de terras cando estean ocupados por aproveitamentos forestais.
- ✓ A non comunicación á Administración da opción elixida ou o incumprimento da realización da opción elixida en predios de máis de 1 ha en procedementos de infrautilización ou abandono.
- ✓ Os aproveitamentos distintos aos admitidos.
- ✓ A obstrución de inspeccións.
- ✓ O incumprimento de medidas cautelares.

| Infraccións



MOI GRAVES

- ✓ As accións e as omisións que dean lugar á concorrencia dalgunha das circunstancias para que un predio sexa declarado en estado de abandono ou infrautilización, sempre que o predio teña unha superficie superior a 10 hectáreas.
-
- ✓ A existencia de graves deficiencias ou o abandono por un axente promotor dun polígono agroforestal ou dunha aldea modelo.

Sancións



Infraccións leves

Apercibimento ou multa de ata 600€



Infraccións graves

Multa de entre 601 e 3.000€



Infraccións moi graves

Multa de entre 3.001 e 6.000€

• Sancións accesorias en caso de infraccións moi graves:

- ✓ Inhabilitación durante un período de dous anos para seren adxudicatarias en calquera concepto de predios incorporados ao Banco de terras de Galicia.
- ✓ Decomiso definitivo da madeira correspondente ás especies arbóreas retiradas no caso de ocupación ilegal con aproveitamento forestal.

